



INSTITUTO GALEGO DE  
ESTADÍSTICA

# INFORME SOBRE O ÍNDICE DE PRODUCCIÓN INDUSTRIAL

**Abril 2019**


Santiago de Compostela, 05 de xuño de 2019

**Instituto Galego de Estatística**  
Complejo Administrativo San Lázaro s/n  
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)  
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>  
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)  
FAX: 981.54.13.23  
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

## Índice de producción industrial (IPI). Abril 2019

- O Índice de producción industrial (IPI) rexistrou en abril de 2019 un retroceso do 11,4% con respecto a abril de 2018, mentres que a nivel nacional rexistrouse unha caída do 2,0%.
- Tendo en conta o destino económico dos bens producidos, os bens de consumo creceron un 3,7%. Pola contra, os bens de equipo, os intermedios e a enerxía retrocederon un 11,5%, 10,7% e 26,4% respectivamente.
- Por ramas de actividade as maiores achegas negativas corresponden a: “producción de enerxía eléctrica” que resta 6,3 puntos, a “metalurxia” que resta 2,1 puntos, a “fabricación de vehículos de motor” que resta 1,3 puntos e a “fabricación de produtos de caucho e plásticos” que resta 0,7 puntos á taxa interanual.
- Polo contrario, entre as que mostran maiores achegas positivas destacan: “outras industrias extractivas” que achega 0,7 puntos, a “industria da alimentación” xunto ca “fabricación de bebidas” que achegan 0,5 puntos cada unha delas e a “confección de roupa de vestir”, que achega 0,4 puntos á taxa interanual do índice xeral.

### Índice de producción industrial (IPI). Abril 2019



## 1. Índice xeral e por destino económico dos bens

O Índice de produción industrial (IPI) do mes de abril de 2019 en Galicia rexistrou un retroceso do 11,4% en taxa interanual, minorando en 3,5 puntos a taxa rexistrada no mes precedente (-7,9%). En España rexistrouse un retroceso do 2,0%, empeorando en 1,8 puntos a taxa acadada no mes anterior (-0,2%).

Por destino económico dos bens, a influencia dos distintos sectores na variación interanual do índice xeral é a seguinte:

- Os **bens de consumo** presentan un crecemento do 3,7%, o que achega 0,9 puntos á taxa interanual
- Os **bens de equipo** rexistran un retroceso do 11,5%, o que resta 2,7 puntos á taxa interanual.
- Os **bens intermedios** baixan un 10,7%, cunha repercusión negativa de 3,1 puntos.
- Por último, a **enerxía**, que retrocede un 26,4% restando 6,5 puntos á taxa de variación interanual do conxunto.

Comparando cos crecementos interanuais de marzo de 2019, por destino económico, os bens de consumo manteñen a mesma variación (3,7%), os bens de equipo caen 18,4 puntos, os bens intermedios diminúen 5,9 puntos e a enerxía sube 4,4 puntos.

Estes datos móstranse no cadro 1 do anexo.

## 2. Índices por ramas de actividade

Se utilizamos a clasificación nacional de actividades económicas (CNAE 09) a nivel de división para facer unha análise máis detallada do comportamento das distintas ramas de actividade obtemos os resultados que se mostran no cadro 2 do anexo. As ramas de actividade están ordenadas segundo a repercusión que teñen no crecemento interanual do índice xeral.

As ramas que presentan as maiores achegas negativas á taxa interanual de abril foron: “produción de enerxía eléctrica” que resta 6,3 puntos, a “metalurxia” que resta 2,1 puntos, a “fabricación de vehículos de motor” que resta 1,3 puntos e a “fabricación de produtos de caucho e plásticos” que resta 0,7 puntos á taxa interanual.


No que respecta ás repercusións positivas destacan: “Outras industrias extractivas” que achega 0,7 puntos, a “industria da alimentación” xunto ca “fabricación de bebidas” que achegan 0,5 puntos cada unha delas e a “confección de roupa de vestir”, que achega 0,4 puntos á taxa interanual do índice xeral..

### 3. Índices por comunidades autónomas

Por Comunidades Autónomas o crecemento interanual do IPI neste mes de abril moveuse entre o -11,4% de Galicia e o 13,2% de Murcia. Ademais da devandita, presentan crecementos interanuais positivos Extremadura (4,2%), Comunitat Valenciana (3,3%), Andalucía (2,0%) e Cantabria (0,9%).


#### IPI abril 2019

#### Taxas de variación en %



### 4. Evolución do índice

No seguinte gráfico mostramos a evolución das taxas de crecemento interanuais do índice xeral para Galicia e para España en termos de ciclo - tendencia que se obtén estimando un modelo ARIMA para cada unha das series, e obtendo o sinal de ciclo - tendencia utilizando a descomposición baseada en modelos que resulta do programa TRAMO-SEATS do Banco de España.



### Notas metodolóxicas

O IPI é un indicador conxuntural que mide a evolución mensual da actividade produtiva das ramas industriais, é dicir, das industrias extractivas, manufactureiras, fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado e fornecemento de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación, que son, respectivamente, as seccións B, C D e E da Clasificación Nacional de Actividades Económicas 2009 (CNAE 2009). Mide, por tanto, a evolución conxunta da cantidade e da calidade producidas, eliminando a influencia dos prezos.

Para a súa obtención realízase unha enquisa continua de periodicidade mensual que investiga todos os meses a máis de 11.500 establecementos en España e 1.600 en Galicia.

## Anexo cadros

**Cadro 1.- Índice de produción industrial. Abril 2019**

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)		REPERCUSIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO	INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>Galicia</b>					
Xeral	103,0	-11,4	-7,2	--	--
Bens de consumo	122,4	3,7	2,7	0,9	0,6
Bens de equipo	93,6	-11,5	-1,2	-2,7	-0,3
Bens intermedios	119,7	-10,7	-8,1	-3,1	-2,3
Enerxía	79,5	-26,4	-19,1	-6,5	-5,2
<b>España</b>					
Xeral	103,2	-2,0	0,0	--	--
Bens de consumo	99,9	-0,5	0,8	-0,1	0,2
Bens de equipo	110,7	-2,4	2,5	-0,6	0,6
Bens intermedios	109,1	-1,9	0,4	-0,6	0,1
Enerxía	91,4	-3,5	-4,3	-0,7	-0,9

Fonte: INE

**Cadro 2.- IPI por ramas de actividade. Galicia. Abril 2019**

Ramas	VARIACIÓNS (%)				Ponderacións
	Interanual	Repercusión	No que vai de ano	Repercusión	
<b>Total</b>	<b>-11,4</b>		<b>-7,2</b>		
Outras industrias extractivas	102,9	0,7	12,1	0,1	1,1
Industria da alimentación	4,0	0,5	3,4	0,4	13,2
Fabricación de bebidas	13,1	0,5	11,2	0,3	3,5
Confección de roupa de vestir	6,8	0,4	2,2	0,1	4,1
Industria téxtil	37,3	0,2	14,2	0,1	0,6
Industria química	5,1	0,1	-1,6	0,0	1,5
Outras industrias manufactureiras	-2,5	0,0	3,5	0,0	0,5
Fabricación doutro material de transporte	-3,6	-0,1	-3,1	-0,1	2,0
Fabricación de mobles	-8,1	-0,1	-10,0	-0,1	1,1
Fabricación de material e equipamento eléctrico	-9,0	-0,2	-15,6	-0,3	1,4
Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	-9,6	-0,3	-8,7	-0,2	2,6
Industria do papel	-16,8	-0,4	-0,8	0,0	2,2
Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n.	-18,1	-0,5	-7,0	-0,2	2,0
Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartaría	-11,3	-0,5	-4,5	-0,2	3,6
Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento	-6,2	-0,5	7,5	0,6	7,7
Reparación e instalación de maquinaria e equipamento	-15,9	-0,6	-18,9	-0,7	4,1
Fabricación de produtos de caucho e plásticos	-24,3	-0,7	-11,5	-0,3	2,5
Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	-11,5	-1,3	-0,3	0,0	13,1
Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixes	-31,6	-2,1	-26,0	-1,6	5,1
Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	-32,5	-6,3	-23,3	-5,2	22,3
Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos	*	*	*	*	*
Captación, depuración e distribución de auga	*	*	*	*	*
Industria do coiro e do calzado	*	*	*	*	*
Fabricación de produtos farmacéuticos	*	*	*	*	*
Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	*	*	*	*	*
Coquerías e refinación de petróleo	*	*	*	*	*
Industria do tabaco	-	-	-	-	-

Fonte: INE

(\*) Poucas observacións mostrais, polo que o dato está afectado por un alto erro de mostraxe.

**Cadro 3.- IPI por Comunidades Autónomas. Abril 2019**

CCAA	ÍNDICE	VARIACIONES (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>España</b>	<b>103,2</b>	<b>-2,0</b>	<b>0,0</b>
Galicia	103,0	-11,4	-7,2
Andalucía	96,8	2,0	2,6
Aragón	103,8	-2,6	1,3
Asturias	102,1	-2,9	-0,3
Baleares (Illes)	89,7	-9,8	-6,3
Canarias	94,8	-2,2	1,0
Cantabria	117,2	0,9	-0,3
Castilla - La Mancha	100,4	-4,2	2,4
Castilla y León	95,4	-8,1	-2,2
Cataluña	106,2	-3,7	-0,8
Comunitat Valenciana	105,8	3,3	1,6
Extremadura	93,2	4,2	-4,1
Madrid	105,2	-1,5	0,4
Murcia	112,9	13,2	5,9
Navarra	101,0	-2,4	0,4
País Vasco	103,9	-1,0	1,3
Rioja (La)	90,2	-1,0	-2,5

Fonte: INE